

C

Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

REAL
FILHARMÓNÍA
DE GALICIA

2018 → 2019

XOVES 7
FEBREIRO 2019
20.30 h

Auditorio de Galicia

Ciclo de piano Ángel Brage

Paul Daniel Director
Kun-Woo Paik Piano



Sala Mozart
19.45 h

CONvers@ndo con
PAUL DANIEL Director

PROGRAMA

I

GEORGE GERSHWIN (1898-1937)

Funny Face. Abertura (7')

MAURICE RAVEL (1875-1937)

Concerto para piano en Sol maior (23')

Allegramente

Adagio assai

Presto

Kun-Woo Paik, piano

II

WILLIAM WALTON (1902-1983)

Sinfonía núm. 1 en si bemol menor (45')

Allegro assai

Presto, con malizia

Andante con malinconia

Maestoso - Briosso ed ardamente - Vivacissimo

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 35 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Michał Ryczel
Ildikó Oltai
Ilya Fisher
Yulia Petrushevskaya
Claudio Guridi
Victoria Jurov
Anna Alexandrova
Daniel Kordubaylo
Ewa Pawlowska ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Helena Sengelow
Enrique Roca
Irina Gruia
Elina Viksne
Kiyoko Ohashi
Gyula Vadaszi
Samira Ajkic
David Castillo ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Ionela Ciobotaru
Oxana Bakulina
Celia Carabias ***
Lucía Camiños ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Thomas Piel
Ailsa Lewin
Carlos García
Elena Domínguez ***
Gema Pérez ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **
Marta Gómez ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Avelino Ferreira (R)
Martín Alves ***

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Jorge Ripoll ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Ismael Vidal (R)

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Rodrigo Iglesias ***

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)
Iago Ríos (R)
Marcos Dorado (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

TIMBAL/PERCUSIÓN

Darío González (R)

PERCUSIÓN

Gonzalo Zandundo ***
Javier Ángel Gómez (R)

ARPA

Alba Barreiro (R)

PIANO

Simona Kantocheva (R)

PAUL DANIEL

Director

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Covent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmónica da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria). Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

KUN-WOO PAIK

Piano

"O sentido do drama de Paik, a súa mestría no matiz, grazas, control do ataque e o seu vertixinoso virtuosismo son verdadeiramente remarcables" (Rob Cowan, The Independent)

É considerado un dos máis importantes pianistas da súa xeración. Nacido en Seúl, ofreceu o seu primeiro concerto con

dez anos, interpretando o *Concerto de Grieg* coa Orquestra Nacional de Corea. Con quince anos mudouse a Nova York para estudar con Rosina Lhevinne na Julliard School e con Ilona Kabos en Londres. Gañou o Naumburg Award e foi Medallista de Ouro nas Busoni International Piano Competitions. A súa carreira internacional despegou tras a súa primeira aparición en Nova York, onde tocou as obras completas para piano de Ravel no Lincoln Center, ademais do seu debut con orquestra no Carnegie Hall.

O seu debut europeo tivo lugar en 1974 con tres recitais consecutivos no Wigmore Hall de Londres, seguidos doutro recital na Philharmonie de Berlín. Desde entón ten colaborado estreitamente con directores como Lorin Maazel, Mariss Jansons, Long Yu, Sir Neville Marriner, Wolfgang Sawallisch, Jiří Bělohlávek, Dmitri Kitaenko, James Conlon, John Nelson, Eliahu Inbal ou Antoni Wit. E tocou con orquestras como a Filharmónica de Nova York, Sinfónica de Londres, Sinfónica da BBC, Orquestra de París, Sinfónica de Berlín, Nacional Húngara, Filharmónicas de Oslo, Róterdam, Varsovia e San Petersburgo. É tamén un convidado habitual en festivais como Berliner Festwochen, Aix-en-Provence, La Roque d'Anthéron, Ravinia, Mostly Mozart, Colmar, Montreux, Dubrovnik, Aldeburgh ou o Festival de Pascua de Moscú.

Entre as súas numerosas gravacións destacan Scriabin, Liszt, as obras completas para piano de Mussorgsky, a integral de concertos para piano e a *Rapsodia sobre un tema de Paganini* de Rachmaninov (con Vladimir Fedoseyev para BMG) ou a integral das 32 sonatas de Beethoven para DECCA. A súa gravación da integral de concertos de piano de Prokófiev recibiu o Diapason d'Or do ano e o premio da Nouvelle Académie du Disque de Francia.

Como artista exclusivo de DECCA e para celebrar o ano Bach en 2000, gravou as transcripcións de Busoni de obras de órgano de Bach; e a continuación outro álbum con obras de Fauré que gañou todos os principais premios en Francia. Recentemente gravou a integral de Chopin para piano e orquestra con Antoni Wit e a Filharmónica de Varsovia. Kun-Woo Paik vive en París e é o director artístico do Festival de Música Costa Esmeralda en Dinard. O goberno francés nomeouno “Cabaleiro da Orde das Artes e das Letras” no ano 2000.

George Gershwin (1898-1937)

Este neoiorkino de ascendencia rusa abandonou a escola con 16 anos para traballar no consorcio musical de produtores e editores Tin Pan Alley, presentando, ao piano, as melodías de moda do momento ata que comezou a escribir as súas propias cancións e outras, que compartía co letrista Irving Ceaser, con quen acadou o seu primeiro recoñecemento nacional co tema *Swanee*, popularizada por Al Jolson. Atrapado polo swing, o blues e o jazz, pero sen esquecer a súa fascinación por Dvořák, o verdadeiro éxito chegoulle co seu irmán Ira como letrista coa produción de Broadway *Lady Be Good*, elevando xuntos a comedia musical a unha forma de arte nos Estados Unidos. Outros musicais como *Oh Kay!*, *Strike up the Band!* ou *Funny Face* (1927), protagonizados por Fred Astaire e a súa irmá Adele, foron compostos paralelamente a obras sinfónicas máis serias, pois Gershwin seguía loitando por deixar pegada no mundo dos concertos. *Funny Face*, titulado orixinalmente *Smarty*, foi estreada no Alvin Theatre de Nova York en novembro de 1927 e a súa abertura de ritmos latinos, na que destacaba a sección de percusión, foi un dos números destacados.

Maurice Ravel (1875-1937)

O propio Maurice Ravel dirixiu á Orquestra Lamoureux e Marguerite Long -coñecida polas súas interpretacións de Fauré e Debussy- na estrea do *Concerto para piano en Sol maior* o 14 de xaneiro de 1932. Ese mesmo ano, en abril, a peza foi interpretada de novo pola Sinfónica de Boston e a Orquestra de Filadelfia. Na historia deste concerto, a presenza dos Estados Unidos é moi relevante, xa que o primeiro movemento, *Allegramente*, comeza cun sorprendente golpe de látego e o último, *Presto*, é un rondó vertixinoso. En ambos é evidente a influencia do jazz tanto en acentos como nalgunhas das melodías de ritmos vigorosos e características do *ragtime* ou o *blues*, probablemente debidas ás estancias de Ravel en Norteamérica e o contacto cos compositores do momento como George Gershwin. Pero, xunto a estas lembranzas na obra do compositor, tamén aparecen sonoridades propias dos recordos da súa mocidade, en xeral da música española e, en particular, do País Vasco-Francés -naceu en Quai de la Nivelle, Ciboure- ademais de breves citas dun tema do ballet *Petrushka* de Stravinski. O repousado e elexiaco *Adagio*, que podería lembrar na súa fonda quietude ás *Gymnopédies* de Satie, é a pasaxe máis característica do impresionismo de Ravel, de laboriosa composición, case miniaturística, na que está presente o *Quinteto con clarinete* de Mozart. A partitura

ofrece un exercicio sincopado entre piano e orquestra en múltiples pasaxes, coa relevancia das súas cadencias, a súa esixencia técnica, que fai que o concerto fora descrito polo crítico Roland-Manuel como “unha diversión de virtuoso, brillante, clara e lixeira, de agudos relevos”. A vitalidade rítmica inicial reaparece no breve *Presto* final, luminoso e atrevido como se piano e orquestra se lanzasen a unha zigzagueante persecución; trátase dun deses momentos de grande inspiración compositiva nos que o autor amosa a súa esencia en plenitude.

William Walton (1902-1983)

Entre a xeración de Holst e Vaughan Williams e a de Britten, Walton ocupa o seu propio espazo na música británica do século XX. Influído por Sibelius, e aínda que recibiu consellos de Ferruccio Busoni e do director de orquestra Ernst Ansermet, Walton foi autodidacta e, estilisticamente, caracterízase por unha orquestración brillante e un agudo enxeño musical, amosando nas súas mellores partituras unha combinación de linguaxes: disonancias punzantes e fortes ritmos de Stravinski, Prokófiev, jazz, ademais do estilo solemne das marchas de Elgar. A música da súa *Primeira Sinfonía* é alternativamente bucólica, tempestuosa, épica, dramática; e esta variedade de expresións matízase ao longo da peza coas cores escuras que ofrece a tonalidade pouco usual de si bemol menor. Para moitos estudosos da obra de Walton, esta partitura debe parte do seu estilo e linguaxe a Bruckner, Hindemith e á influencia dos compositores nórdicos do romanticismo tardío e ao modernismo temperán, incluíndo de xeito importante ao xa citado Jean Sibelius. O serio e poderoso *Allegro* inicial presenta unha estrutura de corte tradicional, unha das máis destacables do século XX. O segundo movemento cumpre as funcións dun breve *scherzo*, formal e enérxico, con momentos de orquestración un pouco máis luminosa que a do primeiro movemento. É un *scherzo* sen o tradicional episodio central lento, e que nos últimos compases ofrece unha atractiva coda, precedida por un curto interludio contemplativo e delicado e sinalada por unha inesperada pausa previa ao potente final. O *Andante* comeza cun melancólico pero expresivo só de frauta, que reaparece brevemente nas páxinas finais; melancolía que se percibe cunha intensa carga emotiva e elocuente. Nas seccións segunda e terceira do movemento final aparece a música máis brillante da sinfonía, aínda que o compositor non perde de vista o ambiente serio e escuro presentado dende os primeiros compases.

Venres 8 de febreiro

18,30 h

Descubre unha orquestra para ti... a túa!

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

G. Gershwin, *Funny Face. Abertura*

W. Walton, *Sinfonía núm. 1 en si bemol menor*



ASOCIACIÓN de
EMPRESAS de
INSERCIÓN de
GALICIA

RFG Solidaria

Xoves 14 de febreiro

20,30 h

Cantigas de Sal

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Pedro Neves, director

Cristina Branco, fadista

Mário Laginha, piano

Miguel Amaral, guitarra portuguesa

M. Laginha, *Abertura 2011*

Camponês Alentejan

A. D. Marceneiro, *Estranha forma de vida*

Populares

Ó Laurinda. Linda, Linda

Mirandum se fui a la guerra

A. Oulman, *Alfama*

A. Machado, *Se não chovesse tanto, meu amor*

M. Laginha, *Margarida*

C. Castelo, *Sete pedaços de vento*

J. P. Blanc, *Fado Blanc*

A. Oulman, *Abandono*

M. Laginha, *Quando julgas que me amas*

A. Oulman, *A minha terra é Viana*

Populares

Rapazes, meninos

José Embala o Menino

A. Oulman, *Maria Lisboa*



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura